

**Datos Do Expediente:**

XUNTA DE GOBERNO LOCAL	
Unidade Tramitadora:	
Organos de Goberno e Central -	
Número expediente:	Documento:
AYT/XGL/36/2022	GOB16I0HO
6H6N434K026E5N3S0ETB	

ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA TRECE DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTEDOUS

SRES/AS ASISTENTES: <u>SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:</u> D/D ^a MARIAN FERREIRO DIAZ <u>SRES/AS CONCELEIROS/AS:</u> D/D ^a MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/D ^a ROMAN ROMERO FRANCO D/D ^a MARIA DE LA MERCED TAIBO REY D/D ^a M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/D ^a JOSE OREONA BRA D/D ^a JOSE DAVID PITA BREIJO <u>SRA. INTERVENTORA XERAL:</u> D/D ^a M.PILAR CANZOBRE MENDEZ <u>SR. SECRETARIO XERAL:</u> D/D ^a ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI	Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do trece de outubro de dous mil vintedous, baixo a presidencia da Sra. ALCALDESA, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe. Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL. Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:
--	---

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

2 .- PROPOSTA DE RATIFICACIÓN DE CESIÓN URBANÍSTICA PARA VIAL NA R/ RIO ULLA .-

PRIMEIRO. Aceptar a cesión gratuíta de terreo efectuada por Dna. Silvia Melón Campo e Marcos Taboada Díaz, para destinalo a vial.

SEGUNDO.- Incorporar a superficie descrita ó patrimonio municipal.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN PARA O "PROXECTO DESCRICIÓN REXISTROS TRIBUTARIOS DENDE O SECULO XIX E OUTROS".- Vista a proposta formulada que di así: A Técnico de Arquivo, con data 05.10.2022, elevou a esta Alcaldía o informe-proposta de código ARQ16I07G que di:
“

TIPO DE DOCUMENTO	Informe-Proposta de Acordo de Xunta de Goberno Local
-------------------	--

EXPEDIENTE	ARQ/1/2022: Subvención para “Proxecto Descrición Rexistros Tributarios dende o século XIX e outros”
DESTINATARIO	Servizos Económicos
ASUNTO	Aprobación da conta xustificativa

O 20.12.2021 publicouse no DOG a Orde de 2 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas destinadas á colaboración no financiamento de actuacións en materia de arquivos e procede a súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento CT130A)

O 20.01.2022 a Alcaldía solicitou subvención para o “Proxecto Descrición Rexistros Tributarios dende o século XIX e outros”, por un importe total, IVE incluído, de 6.000 €, equivalente ao 80% do custo do proxecto.

O 01.03.2022 o Secretario Xeral de Cultura propón resolución provisional das solicitudes distribuíndo o importe total do crédito dispoñible entre as axudas solicitadas segundo a puntuación obtida, figurando Narón como beneficiaria.

O 04.04.2022, o Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade resolveu a convocatoria de subvencións de dita orde pola que se outorga ao Concello de Narón a cantidade solicitada de 6.000 € (Exp. 2022/06).

O 05.04.2022 a través do sistema Notifica.gal o Concello de Narón recibiu notificación da resolución definitiva (*id 4272944*) na que o Concello de Narón resulta beneficiario dispoñendo dun prazo de 10 días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se produza manifestación expresa, considerárase tácitamente aceptada (documento ARQ16I04D do expediente ARQ/1/2022). Axuda concedida de 6.000 €

Para a prestación deste servizo: “Proxecto Descrición Rexistros Tributarios dende o século XIX e outros”, o Concello de Narón tramitou o correspondente expediente de contrato menor, no que resultou adxudicataria a empresa Metadata SRL por un importe de 7.500 € (IVE incluído). Logo da prestación do servizo a empresa adxudicataria con data 01.09.2022, presentou a factura polo devandito importe.

Segundo a Orde de 2 de decembro de 2021 da subvención concedida (código de procedemento CT130A) o prazo para que as persoas beneficiarias das axudas acrediten e xustifiquen os proxectos subvencionados será ata o 31 de outubro de 2022, o que implica a aprobación da conta xustificativa.

Resultan de aplicación, para xustificar a subvención, os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

- Resolucions *da Alcaldía*, do 25 de xuño de 2019, *sobre designación de Tenentes de Alcalde, delegados da alcaldía, membros da Xunta de Goberno Local e das delegacións feitas pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local*. Nesta resolución, a Alcaldía-Presidencia delega na Xunta de Goberno Local, entre outras facultades, a *solicitud de subvencións a outras administracións públicas, así como a súa aceptación e xustificación, no seu caso*.

Por todo o exposto, quen subscribe solicita á Alcaldía- Presidencia que someta a debate e votación da Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar a conta xustificativa da subvención para o “Proxecto Descrición Rexistros



Tributarios dende o século XIX e outros”, nos seguintes termos:

1. Cumpriuse a finalidade para a que foi concedida a devandita subvención.
2. O gasto total soportado por esta entidade imputable á actuación subvencionada é o que corresponde á factura que consta no correspondente expediente e nos Servizos Económicos e se detalla nas seguintes táboas:

Acredor	CIF/NIF	Nº factura	RCF	Data emisión	Concepto	Data pagamento	Importe
Metadata Gestión Documental SRL	B70369905	SE-22-05	F2022/44 87	01.09.202 2	“Proxecto Descrición Rexistros Tributarios dende o século XIX e outros” (Código de proxecto: 2022.2.00000.19)	26.09.2022	7.500 €

Contía de axuda que se xustifica	6.000 €
----------------------------------	---------

”

Visto o dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello, segundo o documento adxunto de código **ICO16I0CR**, esta Alcaldesa propón á xunta de Goberno a aprobación da proposta transcrita.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

V. e pr.

F_FIRMA_96

F_FIRMA_4